

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Psicoloxía de Galicia analizará a intervención no sinistro de Germanwings co coordinador do servizo de atención psicolóxica de emerxencias de Cataluña

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2016.- Este sábado 12 de novembro a intervención psicolóxica no accidente aéreo de Germanwings será obxecto de análise por parte dos psicólogos e psicólogas galegas, que coñecerán de primeira man o traballo realizado neste sinistro grazas ao coordinador do Servizo de Atención Psicolóxica de Emerxencias de Cataluña, Andrés Cuartero Barbanoj.

Esta actividade que terá lugar na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, vai dirixida aos membros do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e fai parte da súa formación permanente. Na xornada analizarán os principais compoñentes da intervención psicolóxica en incidentes con múltiples vítimas, atendendo as singularidades específicas do sinistro de aviación producido fóra do territorio español.

Andrés Cuartero é psicólogo clínico e está á fronte do servizo de atención psicolóxica do Sistema d'emergències Mèdiques de Catalunya (SEM). Tamén é director da clínica privada Serveis Integrals de Psicologia (SIPS) e profesor na Universidade de Barcelona e na Fundació Universitària del Bages.

O sinistro que centrará a xornada produciuse o 24 de marzo de 2015, cando un avión da compañía Germanwings que saíra de Barcelona con destino a Düsseldorf (Alemaña) se estrelaba nos Alpes franceses, causando 150 vítimas mortais. Nel interviron os psicólogos e psicólogas do servizo catalán de emerxencias médicas, en distintos momentos e escenarios, como o Centro de Atención a Familiares, o aeroporto do Prat, prestando atención psicolóxica domiciliaria, nos desprazamentos de familiares ao lugar do sinistro e na recepción dos féretros. Por iso a coordinación de recursos psicolóxicos e dos diversos escenarios será un dos elementos centrais da xornada deste sábado.

O GIPCE

O GIPCE é un grupo de psicólogos e psicólogas colexiados e especializados na atención psicolóxica en situacións de emerxencia e catástrofes. Coa súa intervención procuran minimizar o impacto nas persoas afectadas, restaurar as súas capacidades e recursos para que poidan resolver o máis eficazmente a situación de estrés e previr posibles problemas psicolóxicos posteriores. Tamén asesoran a dirección da emerxencia sobre o impacto psicolóxico das súas actuacións nos colectivos afectados e realizan unha tarefa de autocoidado do grupo, intervindo para diminuír o nivel de estrés dos intervinientes tras realizar unha intervención.

O GIPCE intervén durante o tempo que dura a situación crítica, en contextos como accidentes, inundacións, naufraxios, desaparicións, secuestros, situacións de violencia, etc., nas que haxa persoas afectadas que precisen de atención psicolóxica, e sempre e cando as persoas afectadas

accepten a súa participación. Pertence ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e desde o ano 1997 conta cun convenio coa Xunta de Galicia.

A súa andaina comezou en 1996, cos movementos sísmicos de Lugo e Ourense, baixo o nome de Grupo de Protección Civil. A partir dos atentados do 11-M no 2004 deu un salto cualitativo e cuantitativo, e xerouse unha rede de profesionais capaz de dar unha resposta eficaz neste tipo de situacións as 24 horas do día durante os 365 días do ano na nosa comunidade.

Se desexan solicitar **entrevistas** para **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns: 981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal